

O MOVEMENTO OBREIRO E AS NOVAS IDEOLOXÍAS DO S.XIX

1. Bases da industrialización.
2. Antecedentes da Revolución Industrial.
3. A Primeira Revolución Industrial.
4. Consecuencias da Revolución Industrial.
5. O Movemento obreiro.
6. Novas ideoloxías políticas.
7. Arte de finais do s.XIX.
8. **Glosario:** Revolución industrial, Revolución agraria, Revolución demográfica, Sistema fabril, Capitalismo, Sociedade de clases, Proletariado, Movemento obreiro, Ludismo.

1. BASES DA INDUSTRIALIZACIÓN.


1.1. Que entendemos por Revolución industrial?

- Entendemos por Revolución Industrial o **conxunto de cambios e transformacións económicas e sociais** que se produciron como **consecuencia da utilización masiva de máquinas nos procesos de produción**. Estes cambios iniciáronse en **Gran Bretaña na segunda metade do século XVIII** (1780 aprox).
- **Características** da 1ª Revolución Industrial:
 - Foi un proceso lento e continuo.
 - Tivo como precedentes a **Revolución agraria** e a **Revolución demográfica**.
 - Supuxo o paso dunha economía agraria e dunha sociedade rural a unha economía industrial e unha sociedade urbana.

2. ANTECEDENTES DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

2.1. A Revolución agraria

- Dende mediados do s.XVIII déronse unha serie de transformacións na agricultura (difusión da rotación cuadrienal de cultivos, introdución de novas ferramentas, etc.), que fixeron posible:
 - **O incremento da produción agrícola e gandeira → mellora da alimentación.**
 - **Xerouse un excedente de man de obra no campo → redución do número de campesiños** (pola emigración cara as cidades para traballar na industria).
 - **Ascenso das rendas agrarias polo aumento da**



produtividade → acumulación de capitais que serán investidos en innovacións técnicas para a agricultura pero tamén na industria (promovendo así a Revolución Industrial).

2.2. A Revolución demográfica

- **Ata o século XVIII** a poboación inglesa medrou lentamente debido a que **a natalidade era elevada, pero tamén o era a mortalidade**.
- Na **segunda metade do século XVIII** iniciouse un **crecemento demográfico** importante e estable. A súa **principal causa** foi o **descenso da mortalidade**, á vez que **a natalidade seguiu sendo alta**.
- Que factores propiciaron o descenso da mortalidade?




- **A consecuencia destes cambios experimentouse:**
 - **Un incremento da man de obra** dispoñible para traballar no campo pero tamén na cidade (proletariado industrial).
 - **Un aumento da emigración:** campo → cidade pero tamén a outros países e continentes.
 - **Un aumento da demanda de produtos agrícolas e industriais** → estimula a busca de innovacións agrarias e industriais para aumentar a produción e atender á demanda.

3. A PRIMEIRA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

3.1. A aparición do sistema fabril

- **Ata o século XVIII** as manufacturas elaborábanse en pequenos **obradoiros**, onde o traballo se realizaba de forma **manual** e con **ferramentas sinxelas**.
- Na **segunda metade do século XVIII** inventáronse en Gran Bretaña diversas **máquinas** que necesitaban de grandes espazos e custosos investimentos. Así, empezaron a substituírse os obradoiros por **fábricas**, que eran grandes instalacións onde os obreiros traballaban con máquinas.
- As primeiras máquinas traballaban con **enerxía hidráulica**, pero axiña apareceu unha nova fonte de enerxía, o **vapor**, cando **James Watt** patentou a **máquina de vapor**.
- A aparición das fábricas supuxo que as actividades industriais se concentrasen en determinados lugares. Ademais, modificouse a forma de traballar: cada obreiro especializouse nunha única tarefa do proceso produtivo (**división do traballo**), tiña un horario fixo e debía traballar ao ritmo que impoñía a máquina.

- A división do traballo **aumentou a produtividade**, polo que se abarataron os custos de fabricación e **os prezos dos produtos diminuíron**.



3.2. Sectores punteiros

- A **industria téxtil e do algodón** foi o **primeiro sector** no que se produciu a mecanización e a transformación industrial. Co **aumento da demanda polo aumento demográfico**, introducíronse **innovacións técnicas** na industria que permitiron **aumentar a produción**.
- A **industria siderúrxica** foi o **segundo sector** en industrializarse debido á **crecente demanda de ferro** para as novas ferramentas e máquinas.
- Por último, o aumento da produción agraria, mineira e industrial estimulou a invención dun novo medio de transporte, o **ferrocarril**. A construción e o desenvolvemento do ferrocarril **estimulou o resto dos sectores produtivos** e permitiu a **interrelación dos mercados**, así como a **redución do tempo nas comunicacións**, polo que se converteu no **símbolo do progreso**.

3.3. Expansión da industrialización


- A Revolución Industrial xorde en Gran Bretaña cara a 1780 e **a partir de 1830 estendeuse** a outros países de Europa.
- O ritmo de industrialización en cada país foi diferente en función de diversos factores:
 - A existencia de recursos (carbón, ferro e algodón).
 - A dispoñibilidade de capital.
 - O crecemento demográfico e a demanda de produtos, etc.

- **Países de industrialización temperá** (Francia, Bélxica, Suíza e Alemaña e EE.UU.). Contaban coa experiencia de GB polo que a industrialización foi máis rápida.
- **Países de industrialización tardía (a partir de 1850)**: os países do Norte de Europa, do Sur (España, Portugal, Italia, Grecia), e do Leste (Austria-Hungría e Rusia) xunto con Xapón, tiveron que enfrontarse ao atraso tecnolóxico, a escaseza de recursos e a escasa demanda e investimento.

4. CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL


4.1. O desenvolvemento do Capitalismo

- O proceso de industrialización estivo unido ás novas ideas do **liberalismo económico**, sobre as cales se consolidou o **capitalismo**, un novo sistema económico que permitía aos emprendedores a obter grandes beneficios. As súas principais **características** son:



4.2. O desenvolvemento do Capitalismo

- Deste modo, o Capitalismo foi evolucionando ao longo do s.XIX:




4.3. O proceso de urbanización de Europa

- A industrialización levou aos traballadores a trasladárense á cidade e a viviren ao redor da fábrica → **crecemento das cidades** e consolidación dunha **sociedade urbana**.
- Crecemento urbano → **forte segregación por barrios**: os traballadores establecéronse en barrios obreiros que carecían de servizos en comparación cos barrios dos burgueses.


4.4. A sociedade de clases


- Os cambios orixinados polas revolucións liberal, agraria e industrial modificaron completamente a sociedade estamental, creando un novo modelo de sociedade.
- A **pobreza/riqueza define a pertenza a unha determinada clase** (Alta, media e baixa) existindo a posibilidade de **mobilidade social**.
- A acumulación da riqueza orixinará a **desigualdade económica** entre unha minoría que acumula grandes riquezas e unha inmensa minoría que vive unicamente do salario que cobra polo seu traballo.



5. O MOVEMENTO OBREIRO

5.1. Contexto: un novo marco de relación sociais





5.2. A orixe do movemento obreiro

- A maioría dos obreiros industriais eran **anteriormente campesiños que emigraran ás cidades** na procura de emprego (Rev. Agraria e industrial).
- Nas fábricas atopaban **duras condicións de traballo**, con salarios moi baixos (longas xornadas de traballo, estrita disciplina, cobrábase unicamente por xornada traballada, etc.).
- Ante o aumento do descontento, os gobernos aprobaron **leis antiasociativas**, que impedían aos traballadores organizarse para defender os seus dereitos.
- Ademais, existía unha forte **marxinación política** (non tiñan dereito a voto) e **falta de lexislación laboral**, polo que quedaban desprotexidos.


5.3. As primeiras formas de protesta e organización obreira

Ludismo



- Este movemento xorde a **principios do s.XIX** e recibe o seu nome de **Ned Ludd**, un obreiro inglés.
- Ven na **mecanización** do traballo unha **ameaza para os empregos**.
- A inicios do século emprenderon actos de **destrución de máquinas**.
- Ante a imposibilidade de organizarse de xeito legal, limitáronse a **revoltas espontáneas e violentas**.

Cartismo



- Consistiu na **presentación de queixas formais** dos obreiros británicos ante os seus representantes políticos do Parlamento.
- Debe o seu nome á **Carta do Pobo entregada en 1838**, que contiña varias reivindicacións: sufraxio universal masculino, voto secreto, remuneración para os representantes políticos, etc.
- Foi a **primeira experiencia de mobilización política obreira** en Europa, mais fracasou por **falta dunha estrutura sólida e permanente** e a **represión policial e militar** exercida polo Estado.

Trade Unions (sindicatos)





- Nacen en Gran Bretaña como **organismos de representación dos dereitos dos traballadores**.
- Unha das súas ferramentas máis efectivas era o recurso á **folga**, razón pola que estas accións estiveron prohibidas na maioría de países europeos ao redor de tres décadas.

6. NOVAS IDEOLOXÍAS POLÍTICAS


6.1. O socialismo

- A terceira gran ideoloxía do século XIX, xunto ao nacionalismo e ao liberalismo, é o **socialismo**, que defende a **abolición da propiedade privada e das diferencias de clase**, e proclama o **pacifismo** como ideal internacional.
- O socialismo foi difundido por **Karl Marx** e **Friedrich Engels** a través da súa obra *Manifesto Comunista* (1848) na que defenden que **o motor da historia era a loita de clases** entre burguesía e proletariado.
- Defendían que, chegado o momento, **o proletariado tomaría o poder de forma violenta**, establecendo unha **ditadura do proletariado** como transición cara unha **sociedade comunista**, onde **o Estado xa non sería preciso e non habería clases sociais**.



6.2. O anarquismo

- **Derivado do pensamento socialista** xurdiu o **anarquismo**.
- Os primeiros teóricos, como **Proudhon**, crían na abolición, a través de **medios pacíficos**, de calquera mecanismo de control (Estado, lexislación, forzas da orde, etc.).
- Posteriormente, o ruso **Mikhail Bakunin** desenvolveu o anarquismo, establecendo que:
 - **Hai que loitar contra calquera tipo de institución ou autoridade** (Estado e Igrexa) que limite a liberdade individual.
 - A sociedade debe organizarse en pequenos grupos (**comunas**) e **o Estado debe desaparecer**. A **propiedade** dos medios de produción pasa a ser **colectiva**.
 - As decisións tómanse en **assembleas populares**.
 - Hai que defender os intereses dos traballadores mediante a **acción directa**, non a través de partidos políticos ou eleccións. Isto xustificaba, para moitos anarquistas, o recurso aos **atentados**.




6.3. A Primeira Internacional

- En 1864, **o desexo de loitar contra o capitalismo a nivel internacional** levou á fundación en Londres da **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)** tamén coñecida como **Primeira Internacional**.
- Na AIT ou Primeira Internacional estaban integrados os representantes socialistas e anarquistas de distintos países.
- **Reivindicacións**: redución da xornada laboral, supresión do traballo infantil, desaparición dos exércitos permanentes, socialización dos medios de produción e

recurso á folga como medio máis eficaz.

- Co tempo as **disputas entre anarquistas** (seguidores de Bakunin) e **marxistas** (seguidores de Marx) levaron á **disolución** da Primeira Internacional en **1876**.



7. ARTE DE FINAIS DO S.XIX

7.1. Contexto

- Na segunda metade do século XIX xorden en Francia **dous novos estilos artísticos: Impresionismo e Postimpresionismo**.
- Estes movementos non só **reflectiron os cambios sociais e tecnolóxicos da época**, senón que tamén **reaccionaron ante eles**.
- A Revolución industrial trouxo consigo a urbanización masiva, o desenvolvemento dos transportes (ferrocarril) e a aparición dunha nova clase social, a burguesía. Neste contexto os **impresionistas** buscaron afastarse dos temas históricos, mitolóxicos ou relixiosos e representar **escenas da vida cotiá** como os **cafés**, os **teatros**, os **xardíns**, etc.
- Ademais, co descubrimento da **fotografía**, os artistas decidiron **abandonar a representación fidedigna da realidade** e presentar unha **percepción subxectiva** da mesma.
- Pola súa banda, o **Postimpresionismo** (movemento que engloba a Van Gogh, Cézanne ou Gauguin) amosou unha **reacción máis individual** ante a nova realidade.

7.2. Principais características do Impresionismo

- **Pincelada solta**. Ao ser contempladas de lonxe, as formas cobran sentido.
- **Temática moderna**: plasman un **instante fugaz**, a impresión dun momento determinado.
- **Descoido dos detalles**.
- Preocupación prioritaria por captar os **efectos de luz** → estudo da **teoría das cores** e realización de **aparencias sucesivas**.
- **Plein air**: o artista traballa directamente no lugar que pinta e non no seu taller.

